



A HISTORIA E OS AUTORES LATINOS DA ANTIGÜIDADE TARDÍA NO DEBATE IDENTIDADE GALEGA VS. IDENTIDADE PENINSULAR NO REXURDIMENTO E PRINCIPIOS DO SÉCULO XX: OS CASOS DE MURGUÍA E MARCELO MACÍAS

José Antonio López Silva

Universidade de Santiago de Compostela

É unha característica fundamental do Rexurdimento a incidencia e profundización na categoría da identidade a través de xeitos de creación intelectual moi diferente, entre os que destaca, como un elemento primordial pero non único, a progresiva creación dun sistema literario propio. Como ten sinalado gran parte da crítica, a búsqueda dun complexo de pensamento intelectual e de manifestacións culturais arredor desta categoría supuxo a profundización non só na construción dos alicerces ideolóxicos que vertebrasen os rasgos caracterizadores da identidade galega dende un punto de vista metateórico, senón tamén, na incidencia en diferenciar os rasgos identitarios propios dos das outras identidades nacionais, fundamentalmente, a castelá, tanto dende a creación literaria, como na fundamentación dun corpus ideolóxico dentro dun sistema cultural cada vez máis caracterizado e propio, en sentido amplo. Dende este punto de vista, era necesario lexitimar a identidade propia a partir do establecemento dos rasgos propios fronte os alleos, e asemade, rastrexar estes dende un punto de vista histórico, e do mesmo xeito, recrear unha historicidade que fundamentase a lóxica identitaria. Como se ten sinalado, a obra histórica de Murguía supón a acomodación desta postura intelectual e tamén unha superación da ideoloxía política provincialista, ata chegar a postulados que en certa medida, superaban o rexionalismo liberal do que será parte fundamental (Beramendi 2000: 115). Dende un punto de vista interno, respecto ó traballo historiográfico propiamente dito, Murguía amalgama e supera ós autores anteriores, tanto polo seu

plan xeral, amplo, como polo seu método de análise, o historicismo romántico de Thierry (Rabuñal Corgo 1999: 32-33), así como polo uso máis científico de fontes e documentos de carácter variado (Rabuñal Corgo 1999: 33-34), para dunha parte sustentar o plan de conxunto da obra, pero tamén para fornecer o discurso historiográfico dunha profunda “consistencia documental” (Barreiro 2001: 24; Máiz 2001: 45), avaladora das grandes liñas ideolóxicas da súa labor de historiar a identidade nacional. Cobrará especial importancia dende este punto de vista identitario o celtismo, que xa xogaba un papel importante en Vereá y Aguiar, e posteriormente, en Padín e Vicetto, pero que artellará en boa medida a base identitaria galega, dende os presupostos da teoría racial como caracterizadora —e catalizadora— das identidades nacionais, e en particular, da privilexización da raza aria —que tamén estaba en Europa en trance de construción intelectual dende disciplinas tan variadas como a arqueoloxía (Poesche 1878; Penka 1883), a fisioloxía ou a nacente ciencia política. Ten sido moi ben estudiado (Máiz 1999: 31-40) como este celtismo será o “auténtico *mito fundador* central da comunidade nacional, que se prolonga con presenza contemporánea, informando étnico-culturalmente a superior dignidade e comunidade de destino dun pobo oprimido, inducendo a necesidade de normalización da súa cultura; fundamentando, en fin, a súa necesidade de autogoberno” (Máiz 1999: 41).

O conflito de razas como motor da historia, en último termo, serve de motor de explicación para a recualificación a partir da historización das nacionalidades raciais, como fixo boa parte da historiografía europea, e mesmo estadounidense, ó longo do século XIX (Canfora 1991). O devandito conflito de razas explica tamén para Murguía, a situación de conflito entre Galicia e Castela, fronte a historiografía española que defendía, dentro destes mesmos presupostos raciais, a caracterización identitaria da españolidade como directa herdeira da raza ibera (Quesada Sanz 1996: 211-238). O ario-celtismo de Murguía, tiña, como ten analizado profundamente Ramón Máiz (1999), unhas profundas influencias da historiografía francesa. Pola contra, a creación identitaria española no século XIX tivo en boa medida raíces claramente antifrancesas, precisamente por ser o detonante das primeiros elementos de reacción identitaria, a Guerra da Independencia. O esquema da identidade nacional castelán-hispánica quedará sublimado non tanto en análises raciais directamente derivados do iberismo, que estaba tamén sendo usado pola historiografía vasca do XIX (Erro, 1806) canto da constatación que as fontes ofrecían de determinados valores perennes da raza celtíbera, que sobrevivirían a Roma: o caso de Numancia converteuse así en historiograficamente paradigmático, como foi proba a obra de Modesto Lafuente *Historia general de España desde los tiempos primitivos hasta nuestros días* (Fox, 1997: 11). Para Lafuente (1861: I, 14), a raza celtíbera marcaba as características non tanto físicas, senón morais e de comportamento, da nación española, que improntarán a aportes posteriores como o romano. Estas ideas terán continuidade en toda unha tradición historiográfica posterior, entre as que destacan as obras de Sánchez Casado e Menéndez Pelayo, quen artellou de forma canónica todas as ideas que partían da creencia nunha unidade racial e cultural española, superior, e por ende, unificadora e expansiva, e máis importante, que partía

dunha terra concreta, racialmente identificada, como era Castilla (Fox 1997: 202).

A compoñente racial española, que aparecía relativamente sublimada en Lafuente, foi depurada das súas esencialidades “físicas” e reubicada dentro de compoñentes espiritualistas herdeiras da historiografía de Renan polo propio Menéndez Pelayo. Suliñar este aspecto me parece fundamental, porque dese xeito, Menéndez Pelayo facía fincapé en que a raza española estaba máis directamente imbricada con un determinado carácter espiritual e tradicional, así como cun compromiso relixioso e profundamente providencialista.

A raza, hegelianamente, era unha unidade de espírito dentro do catolicismo, cara o obxectivo histórico da unidade territorial e cara a idea de España como motor da Historia, pobo escollido. A decadencia na que se atopaba era entendible por culpa de potencias alleas, de tipo distorsionador, liberal e anticatólico.

Esta premisa histórica do racismo levaba vencellados paradoxos intelectuais interesantes, como o feito de que Menéndez Pelayo aceptaba mesmo as teses raciais de Murguía relativas ó celtismo galaico. Pero aínda aceptando a compoñente física racial, o feito de que para él ese concepto cobrase interese —e interese histórico— dende unha definición espiritual e providencialista, facía posible a integración das periferias dentro do seu concepto racial, por canto o carácter español debía ter como obxectivo de destino, dentro da historia propia, a unidade territorial hispánica, e para a historia mundial, o erixirse como baluarte do catolicismo.

Menéndez Pelayo, fronte a Murguía, podía deste xeito conceder unha importancia clave ó papel de Roma como imbricadora deste *volkgeist* español por canto ela fixo posible por adiantado ámbolos dous aspectos antes sinalados: por un lado, a unificación territorial peninsular, e polo outro, a apostolización do territorio. España pasaba a ser unidade de destino nos dous aspectos definitorios da identidade hispánica, para este pensador: o xeográfico e o espiritual. Roma era, polo tanto, a conformadora dunha identidade española historicamente datable, ó insistirse na igualación entre romanización e unificación peninsular. A capacidade de obviar que Hispania era un territorio integrado nun conxunto imperial non semellou plantexar problemas historiográficos de ningún tipo nin a Menéndez Pelayo nin ós seus seguidores. A tódolos niveis, a identidade española nacía como identidade romana, mesmo a nivel literario¹.

Ambos discursos identitarios, o de Murguía e o de Pelayo, chocaban de fronte en aspectos claves. Murguía minimiza o papel de Roma e da Romanización, considerándoo un elemento alleo e extemporáneo á identidade céltica, en frase lapidaria e citada a miúdo: “en nada prevaleció Roma, más que en el hecho de la conquista y su dominación” (Murguía, 1978: 34). O caso romano é contemplado por Murguía como unha ruptura da natural evolución da raza céltica en Galicia. Por suposto, Murguía non deixa de lado dous factores que ó seu ver, contribúen de modo importante e positivo

¹ Así hai que entender a reivindicación que Menéndez Pelayo fai dos autores do sistema literario latino que naceran en España, como hispánicos, e polo tanto, englobables e estudiabiles na literatura española, obviando o idioma no que escribiron, e por suposto, tódalas características do sistema literario e cultural imperial no que se achaban inmersos: “Constituyendo el latinismo el substratum, o digamos, lo más íntimo y sustancial de la civilización española, así en lengua como en costumbres, instituciones y leyes, ¿no sería acéfala nuestra historia si en ella faltase la literatura hispano-romana, ya gentil, ya cristiana?” (Menéndez Pelayo 1962, VI: 3).

á historia de Galicia dentro do dominio romano: ambos insisten no feito de que Roma contribúe a cimentar bases máis elevadas en canto a organización político-territorial, a través dos municipios, e polo cristianismo, en canto organización relixiosa que, para o historiador de Arteixo, vivificou as estruturas prerromanas, nun proceso de ósmose no que destacaba a continuidade do paganismo dentro dun cristianismo popular galego, que se manifestaría tamén con características propias mesmo a nivel teolóxico: un dos casos máis típicos será o de Prisciliano. Pero este elemento atopará, de tódolos xeitos, o seu máis peculiar artellamento identitario na mitoloxía e relixiosidade popular.

En calquera caso, a romanización, segundo Murguía, non desfixo os elementos esenciais célticos, senón que en moitos casos, acrecentou influencias contidas e dotou tamén á Gallaecia de rasgos importantes de identificación nacional, como o idioma galego, no que para Murguía, xogaba un papel fundamental o sustrato céltico. En cambio, para o nacionalismo español, Roma será cabeza e guía da unidade española, como destaca o pensamento de Menéndez Pelayo, de tal xeito, que Roma acada a cima do que antes dela só estaba anunciado nos rasgos de carácter racial ibérico.

Sinalei anteriormente que o cristianismo en Menéndez Pelayo cobra unha importancia total como elemento definitorio identitario:

Esta unidad se la dio a España el Cristianismo. La Iglesia nos educó a sus pechos, con su mártires y confesores, con sus Padres, con el régimen admirable de sus Concilios. Por ella fuimos nación, y gran nación, en vez de muchedumbre de gentes colecticias, nacidas para la presa de cualquier vecino codicioso. (...) triunfó del maniqueísmo y del gnosticismo oriental, del arrianismo de los bárbaros y del donatismo africano; civilizó a los suevos, hizo de los visigodos la primera nación del Occidente. (Menéndez Pelayo 1962, VIII: 505)

É interesante observar como Menéndez Pelayo fai da progresiva barbarización do Imperio Romano un feito reprobable que só terá incidencia positiva no momento en que Roma sobrevive insuflando a súa esencia ós invasores a través do cristianismo. Serán os visigodos, precisamente, quenosen tomen o relevo de Roma por canto para Menéndez Pelayo e a historiografía hispánica decimonónica, este pobo acade historicamente de novo —e na súa interpretación, isto equivale a providencialmente— os dous elementos fundamentais do nacionalismo español: unidade territorial e unidade relixiosa. Dita capacidade herdada do grandor romano quedaría manifestada historicamente pola primitiva alianza entre visigodos e romanos, que trouxo consigo episodios victoriosos para o Imperio como a derrota de Atila, e para o caso hispánico en particular, as vitorias contra o resto dos bárbaros que invadiran a Península, como a do Órbigo. Dita alianza estaría a manifestar tanto a superioridade goda fronte ó resto dos bárbaros como a liña continuadora co Imperio, que chegaría ó seu culmen, para Menéndez Pelayo, coa conversión de Leovixildo.

O papel dos pobos bárbaros en Murguía ofrece diferencias sustanciais, por canto na súa teoría racial, o pobo que se instalou na Gallaecia, os suevos, conformará o segundo gran sustrato caracterizador da galegitude:

o ario xermánico, de tal xeito que acaba conformando no noroeste peninsular unha raza propia, portadora de tódalas características plenas e productivas para a identidade galega: a celto-sueva.

Tales aparecen las gentes que a la sazón se entraban por Galicia, y asentando definitivamente en sus campos venían a traernos un nuevo y poderoso elemento etnográfico, del cual no podrán nunca prescindir nuestros historiadores. (Murguía 1865: 28-29)

Sen embargo, tamén é verdade que existe unha coincidencia de base entre ambos historiadores na positiva caracterización da figura do bárbaro como renovador de esencias identitarias e sublimador das mesmas, aínda que os trazos se dibuxen en cada un de xeitos concretos tan diferentes.

Á sustancial oposición entre celtas e romanos se une agora en Murguía unha oposición moito maior entre suevos e godos, razas que, malia xermánicas, amosan para el profundas e claves diferencias. A análise é case oposta a que fai Pelayo respecto dos visigodos, cando os ensalza fronte ó resto dos bárbaros peninsulares: os suevos en Murguía son vistos, pese ás fontes clásicas nas que se basea, como elementos de etnicidade similar ós celtas por canto tamén amosan rasgos arios de primitivismo positivo, non contaminado polos elementos civilizadores romanos, que permiten ademais ós elementos célticos agochados pola romanización saíren de novo á luz. Outro factor histórico-identitario fundamental da permanencia sueva será a existencia, por vez primeira na historia de Galicia, dunha entidade estatal propia, que acabará rematada polo expansionismo visigodo. Nese senso, se destaca a primeira conversión sueva ó cristianismo por obra de Reciarío, que no plan de Murguía era a mellor proba de fusión co celtismo e tamén de consolidación política do novo reino, e por ende, da consecución dunha identidade non só racial, senón tamén política e nacional que se estaba a fraguar definitivamente coa chegada dos suevos. Unha conversión que fora a primeira entre os pobos xermanos, truncada por obra dos visigodos, e que finalmente se levou a cabo anos antes que a conversión de Leovixildo.

A opción de Murguía, polo tanto, se enfrontaba directamente ás bases ideolóxicas da historiografía identitaria españolista, de carácter marcadamente antiliberal e ultracatólico, pero tamén presentaba matices diversos respecto doutros discursos históricos respecto de Galicia que naquel momento, e dende diversos sectores, se estaban a levar a cabo.

Debemos destacar fundamentalmente as diversas aportacións da historiografía eclesiástica, entre as que destaca, pola súa importancia no ámbito do Rexurdimento, a figura de López Ferreiro. En xeral, a actitude intelectual da Igrexa foi o dun rexeitamento aberto das teses liberais, profundizando nunha certa demonización das figuras históricas heterodoxas susceptibles de seren reivindicadas dende posturas intelectuais máis progresistas. De novo, o caso paradigmático a nivel galego será o de Prisciliano, nunha controversia longa e importante da cal chegan os seus flecos ata a actualidade. A devandita discusión foi abanderada dende un ámbito españolista precisamente por Menéndez Pelayo, que rexeitou calquera intento de reivindicación da figura do heresiarca, e que o enfrontou dialécticamente a ortodoxia cató-

lica. Prisciliano o galaico era unha verdadeira antífuga, como unha especie de Simón Mago redivivo. A Igrexa galega uniuse entusiásticamente ó rexeitamento de Prisciliano por parte de Menéndez Pelayo, —algo que levaba facendo a ortodoxia dende moito tempo antes, por suposto— e asemade, á negación de calquera trasunto de galeguidade do mesmo, aspecto este que foi defendido pola historiografía rexionalista en xeral e por Murguía en particular. A Igrexa, en calquera caso, estaba a artellarse intelectualmente como unha voz propia dentro do espectro cultural galego da segunda metade do XIX, moi a miúdo en confrontación directa e consciente contra os compromisos políticos e intelectuais do Liberalismo do Rexurdimento, sobre todo nos ámbitos do debate historiográfico, que abarcaba alusiva, e mesmo elusivamente, importantes conceptos sobre a identidade histórica de Galicia dende a chegada do Cristianismo ó Noroeste peninsular.

Neste contexto cobra especial interese para o investigador a aparición no ano 1887, do *Elogio del sabio beneditino Fr. Benito Jerónimo Feijóo*, de Marcelo Macías y García. A obra non pertencía ó xénero historiográfico, senón laudatorio, enmarcado nun ámbito hoxe tan arcaico e superado como a oratoria epideíctica, unha *laus funebris* no sentido máis estricto da verba. Non en van Marcelo Macías era coñecido no seu tempo como o Castelar da Oratoria Sagrada. Macías, sacerdote natural de Astorga, estudiara e ordeárase sacerdote no seminario de Astorga, no ano 1868, e tras exercer un tempo breve como profesor de lóxica e aritmética no devandito seminario, ocupou posteriormente a parroquia de S. Pedro de Bembibre, no Bierzo.

A formación e a carreira profesional de Macías sempre vencellou a facea relixiosa e a docente. No 1871 trasladouse a Madrid, onde compaxinou diversos traballos no ensino privado coa obtención da licenciatura en Filosofía e Letras.

Tras aprobar as oposicións de cátedras de Retórica e Poética, e serlle negada a praza legalmente obtida, Marcelo Macías viuse na necesidade de recorrer diversos lugares de España. Tras un fugaz paso dun ano por Mallorca como capellán do Marqués de Fuensanta, estableceuse en Villanueva de la Serena, onde fundou un importante centro de ensino privado. A súa memoria aínda pervive na vida cultural da cidade.

O establecemento de Macías na provincia de Badajoz permitiulle a posibilidade de realizar viaxes máis frecuentes a Madrid, onde retomou e profundizou os importantes contactos con círculos políticos e intelectuais de tendencia conservadora, que evidentemente colaboraron para que no ano 1883 se lle reintegrara a praza que obtivera por oposición oito anos atrás, primeiro como titular da cátedra de Retórica e Psicoloxía en Gijón, no Instituto Jovellanos, e logo, a partir de 1884, nas aulas do Instituto Provincial de Ourense, ocupando a Cátedra de Literatura Preceptiva.

A partir do seu establecemento na cidade das Burgas, a actividade pública de Marcelo Macías fíxose bastante prolífica, a nivel de publicacións vencelladas á cátedra —traducción da horaciana *Epístola a los Pisones* e sobre todo, o seu manual *Elementos de literatura preceptiva*, que tivo un enorme éxito editorial tanto en España como en Ultramar. Do mesmo xeito, involucrouse máis activamente en diversas materias culturais que xa cultivara anteriormente, pero que nas que adquiriría unha relevancia e

fama a nivel español por estes anos, como foron a oratoria sagrada e o traballo historiográfico-arqueolóxico.

Macías combinaba nos seus discursos un tradicionalismo católico que subliñaba sobre todo as compoñentes intelectuais da historia da cristiandade, o que lle outorgaba un cariz erudito moi do gusto da época, pero que ademais permitíalle ser apreciado polos intelectuais de talante máis progresista. De feito, tiveron moito éxito os discursos laudatorios de personaxes relevantes da historia intelectual do cristianismo así como as súas vidas de santos. Entre as primeiras convén destacar como elemento temático a aparición dende os primeiros discursos panexíricos, da alabanza ós vínculos territoriais dos personaxes loados, que Marcelo Macías puña sempre de relevo como parte importante da *inventio* do seu discurso. No *Elogio...* incidía nestas liñas mestras de louvanza á figura trazada dende un punto de vista biográfico, cultural e relixioso, reforzado co eloxio á patria de orixe de tan destacada personalidade. A alabanza á terra galega cobraba un lugar destacado dentro da estrutura do discurso, no que estaba realmente incrustado como un excursus con entidade estilística e unidade propia con importantes importantes vínculos intertextuais virxilianos e mesmo dun historiador latino tan importante para a historia da Hispania da Antigüidade tardía como Paulo Orosio.

A través da amizade que lle unía ó seu paisano, o astorgano Martínez Salazar, director da Biblioteca Gallega, Macías viu publicado o devandito discurso ó padre Feijoo en dita colección, o mesmo ano de pronunciado. Ó longo de varios anos, Macías continuará vencellado a Biblioteca Gallega e por ende, a un Rexionalismo que nel cobraba máis importancia dende un punto de vista cultural, e non tanto político, pero que dun xeito ou doutro panexirizaba e reforzaba os patróns temáticos de alabanza do territorio e das súas personalidades. Macías, por formación académica e ideolóxica, restrinxíase ó ámbito de personalidades cristiás destacadas e santos patróns das cidades galegas, o que non deixaba de formar un enlace que contribuía a reforzar os elementos identitarios positivadores da realidade xeográfica e cultural galega.

Quero deixar claro, que contra o que poida parecer, dito rexionalismo cultural non se enfrontaba en modo algún á propia formación tradicionalista de Macías, católica e conservadora. A defensa dun certo rexionalismo dentro do ámbito da primordialidade antiliberal cristiana fora tema destacado en repetidas ocasións mesmo polo propio Menéndez Pelayo (1962, I: 80). Sen embargo, a peculiaridade que daba a ideoloxía política rexionalista e o propio movemento intelectual do Rexurdimento, facían que o compromiso cultural de Macías estivese a reforzar unha xeneralizada idea intelectual de compromiso senón político, sí intelectual co país. De feito, Macías seguiu colaborando coa Biblioteca Gallega, reeditando o discurso en honor do padre Feijoo xunto con outros diversos dedicados ás glorias das cidades de Coruña, Ourense e Vigo, a través da rememoración de feitos históricos e personaxes de Galicia destacados como María Pita, San Martín e a victoria da comarca de Vigo-Gondomar na Guerra de Independencia. O volumen que recollía todos estes discursos, xunto cun ciceroniano eloxio das letras pronunciado tras ser nomeado director da Escola de Artes e Oficios de Ourense, saíu ó prelo en 1892. O libro mereceu unha reseña moi eloxiosa de Murguía, na que

facía fincapé na filiación rexionalista tanto do libro como do autor, malia a súa faceta de clérigo, o que proba as tensións existentes que transcendían o ámbito intelectual para reforzar unha dicotomía política moi aguda que cada vez iría separando con máis forza, un rexionalismo liberal progresista evolucionado logo no XX cara as ideoloxías nacionalistas progresistas —xunto con outra serie de tendencias máis conservadoras, entre as que destacaba con maior peso neses anos a corrente de Brañas—, doutra serie de tendencias que se poderían englobar no marco do conservadurismo católico españolista. A presentización e reivindicación de determinados feitos da historia das principais cidades galegas, que cobraban importancia simbólica de primeiro orde para a historia conxunta de Galicia, supuñan para Murguía, a posta de relevo do compromiso identitario co Rexionalismo, mesmo para sectores teóricamente máis apartados como o devandito catolicismo antiliberal. Supuña buscar, polo tanto, unha maior lexitimización polo feito de artellar o movemento rexionalista como un movemento de integración política pero sobre todo, como primeira instancia de achegamento, de integración cultural.

O carácter histórico da *narratio* de cada discurso de Macías é eloxiado directamente por Murguía, quen, sen embargo, obvia un dos elementos que máis estaban a diferenciar a lectura conscientemente ideoloxizada que o clérigo astorgano facía de determinadas circunstancias históricas de Galicia e a súa relevancia para o presente: deixamos dito con anterioridade cómo Murguía vai establecer as bases identitarias galegas no marco da raza céltica e asemade, coa súa unión co arianismo dos suevos. Murguía, como dixen, apartara os elementos da romanización, e subliñaba a construción racial como eixo que levará precisamente cos suevos a construción dun reino propio cun estatuto xeográfico característico: o da Gallaecia, sen ningún tipo de elementos de unión a Imperios ou reinos. Macías, sen embargo, fará unha lectura diferente con moi poucos puntos en común con Murguía, lectura que estaba a nutrirse das grandes bazas ideolóxicas que conformaban o pensamento historiográfico da identidade española, como foran intelectualmente canonizadas por Menéndez Pelayo, a obra do cal Macías coñecía e admiraba profundamente. En primeiro lugar, debemos ter en conta os parámetros de esixencia nos que se move o xénero discursivo de Macías para asumir que a maior parte das ideas mencionadas se atoparán nutrindo a carga temática e dispositiva do discurso. Asemade, o seu carácter declamatorio e en gran medida, dramático, queda en servidume clara respecto da importancia do elemento relixioso: daí que que os tonos laudatorios queden sempre vencellados a destacar dun ou doutro xeito a gloria do cristianismo. En Murguía, este elemento ideolóxico terá importancia fundamentalmente como explicación histórica conectiva para entender máis cabalmente no ámbito do caos da Antigüidade Tardía, as súas diversas evolucións políticas, entre as que destacaba as conversións dos reinos bárbaros. O Cristianismo eríxese para Macías en cambio, en elemento identitario de primeira orde, e por iso mesmo, concederálle especial importancia o márco histórico do Imperio Romano, por canto considera a este dador e manteñedor do cristianismo e da estrutura eclesial en Gallaecia. As diversas personalidades haxiografizadas nos discursos son concrecións da importancia do Cristianismo como configurador dun elemento civilizador, e por ende, identitario dentro do marco dun Impe-

rio Cristiano aplicado no ámbito dos discursos, exclusivamente ó Noroeste Peninsular. Esta concreción dos presupostos de Menéndez Pelayo para o caso histórico-identitario da Gallaecia terá importantes repercusións teóricas en Macías, entre as que destaca a acentuación da dicotomía existente entre Roma e os pobos bárbaros. As invasións xermánicas son contempladas, a diferenza de Murguía, como un elemento portador de destrución e de caos, un elemento anticivilizador, nunha palabra, que viña a romper en anacos as estruturas sociopolíticas vixentes dende o Alto e o Baixo Imperio. En certo sentido, os bárbaros estaban a poñer en perigo toda unha identidade construída a base de séculos de integración, e que tiña o seu alicerce fundamental no cristianismo dos territorios imperiais (Macías 1892: 113-114).

Sen embargo, este enfrontamento entre romanos e bárbaros queda resolto para Macías —quen segue aquí a toda unha variada ideoloxía conservadora— pola obra evanxelizadora de determinados personaxes, que acadan paulatinamente a conversión ó catolicismo dos diferentes pobos bárbaros, e en primeiro —e eminente— lugar, o reino suevo, dende o triunfo teleolóxico do catolicismo e do ideal cristiano de Roma como entidade civilizadora. Como se pode apreciar, é precisamente neste punto onde as reflexións históricas de ambos intelectuais se amosan coincidentes, pero dende enfoques opostos: Murguía e Macías conceden unha relevancia especial á que a creación do reino suevo para a configuración de Galicia nos seus diferentes planos, así como á súa temperá conversión ó catolicismo de Nicea. Murguía fará fincapé neste último dato, como dixen, para enfrontalo dende a súa ideoloxía política liberal ás consideracións nacionalistas españolas que reivindicaban a conversión goda e a unidade hispánica como dous elementos básicos para entender a identidade española. A visión de Macías é máis clásica, no sentido de que xa fora perxeñada por personalidades como Eusebio de Cesarea, Agostiño de Hipona, ou Paulo Orosio, ata chegar as grandes personalidades históricas do século VI.

O importante é que ambos intelectuais, dende diferentes análises, estaban a conceder unha importancia fundamental para Galicia e a conformación da identidade galega, a un momento histórico moi determinado, unha pinza de anos que se desenvolvería entre o 409 ata o 590: o momento da chegada dos bárbaros a Hispania e a Gallaecia e a afirmación do reino suevo, primeiro reino católico niceno da península, no Noroeste peninsular.

A fonte primordial que ambos intelectuais usaron para proceder a esta construción teórica foi a do cronista Idacio de Limia, bispo de Chaves, de quen se conserva unha crónica que narra de primeira man os sucesos galaicos e peninsulares do periodo. É moi interesante observar como Murguía utiliza a fonte de maneira directa, facendo unha paráfrase da narración idaciana, pero ó tempo, unha lectura crítica que revirte o texto dentro dos parámetros teóricos que caracterizan as grandes liñas da súa construción teórica. Non imos analizar aquí polo miúdo tal feito. Baste dicir que en calquera caso, Murguía insistirá unha e outra vez na importancia capital das figuras intelectuais da Gallaecia dentro do periodo final do Imperio Romano: o caso máis singular será, evidentemente, o de Prisciliano, pero as figuras de historiadores como Orosio e sobre todo Idacio, quedan erixidas como baluartes testemuñais dende os que construír con fontes galegas, unha

historia de Galicia científica, como pretendía Murguía. Macías, pola súa parte, foi tamén moi consciente en todo momento da importancia de Idacio como fonte primordial para calquera achegamento á historia galaica dese período, e se cabe, pola súa formación, insistiu nun elemento que Murguía se viu na necesidade de explicar —con gran lucidez e rigor— pola formación imperialista e romana do bispo de Chaves: a consideración apocalíptica con que a lectura de Idacio tinxe a chegada dos bárbaros. A historia de Gallaecia eríxese en certo sentido para Idacio como unha confrontación relixiosa decisiva entre católicos e herexes. Idacio non puido ver o final da historia do reino suevo, evidentemente, pero Macías si trazará, precisamente, esta: o triunfo do cristianismo no estado suevo como triunfo da continuidade identitaria da Gallaecia, plasmada na construción nacional dun reino católico.

As repercusións desta tendencia interpretativa imbrícanse na comentada consideración que ambos personaxes farán das fontes mencionadas, e en particular, da paráfrase que ambos fan da narración idaciana, acentuando a importancia desta obra e en xeral, de tódolos autores deste período tardío, dentro dunha peculiar conformación cultural de Galicia e a súa identidade histórica. Se estaba a proceder, logo, a un mecanismo de canonización indirecta da literatura latina tardía escrita ou alomenos trazada pola vinculación dos seus autores, no ámbito da Gallaecia. A obra histórica de Murguía sempre fixo relevancia nesta consideración das fontes latinas tardías e a súa fundamentación cultural dentro dunha identidade galaica peculiar. A obra posterior de Macías, dende un punto de vista complementario, será unha dedicación constante a estes dous sectores intelectuais relevantes para a historización dunha identidade galega peculiar: os derradeiros anos de Imperio no Noroeste peninsular coa chegada dos bárbaros e a consolidación do reino suevo como estado. Macías fixo, a partir do cambio de século, unha profundización intelectual no período a través da súa dedicación exclusiva a estes temas, coa publicación de diversas monografías que abranguían esta temática, dentro do *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense*, entidade que él mesmo presidía. Convén destacar que o devandito interese historiográfico recibiu o complemento fundamental da súa tradución ó castelán das principais fontes do período, poñendoas ó alcance do público non erudito, e sobre todo, hai que sinalar, dun sector moi importante da intelectualidade ourensá, e en particular, das xeracións en proceso de formación académica, nunha iniciativa cultural fundamental e moi rara dentro da Galicia de finais do XIX e principios do XX. A tradución da *Crónica* de Idacio saíu ó prelo en 1906. Anos despois, Macías publicou as noticias que sobre o reino suevo ofrecía Isidoro de Sevilla, dentro do apartado da súa *Historia suevorum, gothorum et vandalorum*. (Macías 1921). Este último aspecto é moito máis importante do que parece, porque consciente ou inconscientemente, o traballo de Macías estaba a deixar de lado os datos sobre os godos, ligados á españolidade dun xeito decisivo por parte de Menéndez Pelayo, e se centraba precisamente na historia do estado suevo, co cal reforzaba implícitamente as teses da vinculación entre estado suevo e identidade galega.

As consecuencias do sinalado anteriormente foron manifestándose pouco a pouco, e nelas tivo gran importancia o maxisterio ourensán de Marcelo

Macías. Parte do grupo xeracional Nós o tivo como profesor e mantivo unha particular relación intelectual coa súa persoa, recoñecendo o seu legado de xeito público, como fixeron ó longo da súa vida Otero Pedrayo e Vicente Risco. De feito, as reflexións históricas de Pedrayo se orientaron precisamente a unha análise rigurosa e coherente da cultura galega e a noción fundamental da dilucidación dos trazos esenciais da súa identidade peculiar dende un punto de vista da conformación histórica, dentro da cal a Antigüidade Tardía e o cristianismo xogarán un papel relevante.

Macías puxo a primeira pedra dun proceso de tradución de textos latinos de autores do periodo baixoimperial e tardío que tivo o seu culmen nos anos trinta, coa versión galega de autores tan destacados como fontes e xalóns culturais para este ámbito histórico galego como Martín de Braga. Lamentablemente, dita labor non tivo especial continuidade. A canonización destes autores tivo só un recoñecemento especial a nivel erudito, e polo tanto, teórico. A súa produtividade no sistema cultural galego foi, logo, practicamente nula. Textos tan recoñecidamente fundamentais como Orosio, Prisciliano, Gregorio de Tours ou o xa citado de Isidoro, aínda non foron traducidos á lingua galega, pese a seren relevantes dentro de calquera achegamento intelectual a un periodo recoñecidamente clave para as reflexións que a identidade galega e a noción histórica do seu proceso de construción identitaria seguen a proporcionar.

Bibliografía citada

- ÁLVAREZ JUNCO, J. *Mater dolorosa. La idea e España en el siglo XIX*. Madrid: Taurus, 2001.
- ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA. “Para unha bibliografía, correcta e completa, de Manuel Murguía”, *Bol. Real Academia Galega* 361 (2000): 15-58.
- AXEITOS, X. L. e BARREIRO FERNANDEZ, X. R. *Cartas a Murguía*. T. I., Vigo: Edicións Xerais, 2000.
- *Manuel Murguía, vida e obra*, Vigo: Edicións. Xerais, 2000.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. “A Historia da Historia: Aproximación a unha historiografía galega (séculos XVI-XIX)”. *IV Xornadas de Historia de Galicia. Historiografía Galega*. Ourense, 1988.
- “Murguía Historiador”. *Congreso sobre Manuel Murguía (Arteixo, maio 2000)*. Santiago: Xunta de Galicia, 2000. 13-30.
- BOYD, CAROLYN P. *Historia Patria. Política e identidad nacional en España: 1875-1975*. Barcelona: Ediciones Pomares Corredor, 2000.
- CAMPOMAR FORNIELES, Marta. *Menéndez Pelayo y las polémicas católicas de la Restauración (1875-1912)*. Leeds: Universidade UP (Tese doutoramento), 1980.
- *La cuestión religiosa en la Restauración: Historia de los Heterodoxos españoles*. Santander : Sociedad Menéndez Pelayo, 1984.
- CANFORA, L. *Ideologías de los estudios clásicos*. Madrid, Akal, 1991.

- ERRO, J. B. *Alfabeto de la lengua primitiva de España, y explicación de sus antiguos monumentos, de inscripciones y medallas*. Madrid: Imprenta de Ripollés, 1806.
- FORTES, Belén. *Manuel Murguía e a cultura galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2000.
- FOX, I. *La invención de España. Nacionalismo liberal e identidad nacional*. Madrid: Cátedra, 1997.
- FUENTE, V. de la. *Obras escogidas del Padre Fray Benito Jerónimo Feijóo y Montenegro*. Biblioteca de Autores Españoles, Tomo LVI. Madrid: Real Academia de la Historia, 1952.
- GONZÁLEZ BERAMENDI, X. *Manuel Murguía*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Promoción Cultural, 1998¹.
- “Murguía e os alicerces da nación galega”. *A Nosa Terra. A nosa cultura*, 19 (dec. 1998): 7-13.
- GONZÁLEZ BERAMENDI, X. / NÚÑEZ SEIXAS, X.M. *O nacionalismo galego*. Vigo: A Nosa Terra, 1995.
- LAFUENTE, M. *Historia general de España desde los tiempos primitivos hasta nuestros días*. Tomo I. Barcelona: Montaner y Simón Editores, 1861.
- LÓPEZ FERREIRO, A. *Historia de la S.A.MI. de Santiago*. Santiago: Cabildo-Seminario Conciliar, 1898-1911.
- MACÍAS, Marcelo. *Elogio del sabio beneditino Fr. Benito Jerónimo Feijóo*. A Coruña: Martínez Salazar Ed., Biblioteca Gallega, 1887.
- *De Galicia. Discursos de carácter regional*. A Coruña: Martínez Salazar Ed., Biblioteca Gallega, 1892.
- *Elementos de literatura preceptiva*. Ourense: Imprenta de A. Otero, 1893.
- *El Cronicón de Idacio*. Ourense: Imprenta de A. Otero, 1906.
- *Galicia y el reino de los suevos*. Ourense: Imprenta La Popular, 1921.
- *Aportaciones a la historia de Galicia*. Madrid: Biblioteca de Estudios Gallegos. T. IV, 1929.
- MÁIZ, R. *O Rexionalismo Galego: Organización e ideoloxía (1886-1907)*. Sada: Seminario de Estudios Galegos, 1984.
- “La Construcción teórica de Galicia como nación en el pensamiento de Manuel Murguía”. *Estudios de historia social*, 28-29 (1984): 133-148.
- *O pensamento político de Murguía*. Vigo: Edicións Xerais, 2000.
- “A construción teórica da nación galega en Murguía”. *Murguía e o Arquivo do reino de Galicia*. Coords. X. R. Alfeirán et al. Santiago: Xunta de Galicia: 2000. 36-60.
- “A fundamentación histórico-política da nación galega na obra de M. Murguía”. *Congreso sobre Manuel Murguía (Arteixo, maio 2000)*. Santiago: Xunta de Galicia, 2001. 41-58.
- MENENDEZ PELAYO, M. *Obras completas*. Ed. de R. de Balbin, M. Arigas, A. G. Palencia. 65 vols. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1962.
- MURGUÍA, M. *Historia de Galicia*. T. I. Lugo: Soto Freire Impr., 1865.
- *Historia de Galicia*, T. II. Lugo: Soto Freire Impr., 1866.
- *Historia de Galicia*, T. III. A Coruña: Andrés Martínez Salazar Impr., 1888.
- “Don Marcelo Macías y su libro *De Galicia*”. *Galicia*, 1 (2^a época), 4 (oct. 1892): 250-256.

- “Discurso Preliminar”. *Historia de Galicia*. T. III. Facsímil patrocinado pola R.A.G. Santiago: R.A.G., 1978.
- OLIVEIRA MARTÍNS, J. P. *Historia de la Civilización Ibérica*. Madrid: Imp. Fortanet, 1894.
- OTERO PEDRAYO, R. *Vida del doctor don Manuel Macías y García*. A Coruña: Moret Ed., 1943.
- PALACIO ATARD, V. “El nacionalismo en Menéndez Pelayo”. *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos* 53 (1956): 13-26.
- PENKA, K. *Origines Ariacae: Linguistisch-ethnologische Untersuchungen zur ältesten Geschichte der arischen Völker und Sprachen*. Vienna & Teschen: K. Prochaska, 1883.
- POESCHE, Th. *Die Arier. Ein Beitrag zur historischen Anthropologie*. Jena: Hermann Costenoble, 1878.
- QUESADA SANZ, F. “La Imagen del héroe. Los antiguos iberos en la plástica española del XIX”. *Revista de Arqueología*, 162 (1995): 36-47.
- 1996: “La imagen de la Antigüedad hispana en la plástica hispana del siglo XIX”. *Al otro lado del espejo. Aproximación a la imagen ibérica*. Ed. de R. Olmos. Madrid, 1996. 211-238.
- RABUÑAL CORGO, H. *Manuel Murguía*. Santiago: Laiovento, 1999.
- “A miña paixón por Murguía”. *Congreso sobre Manuel Murguía (Arteixo, maio 2000)*. Santiago: Xunta de Galicia, 2001. 31-40.
- ROMEY, C. *Historia de España, desde el tiempo primitivo hasta el Presente*. T. I. Barcelona: Imp. de A. Bergues, 1839.
- SAINZ RODRÍGUEZ, P. *Estudios sobre Menéndez Pelayo*. Madrid: Espasa-Calpe, 1984.
- SANTOVEÑA SETIÉN, A. *Marcelino Menéndez Pelayo: revisión crítico-biográfica de un pensador católico*. Santander: Universidad de Cantabria/Asamblea Regional de Cantabria, 1994.
- TORRE ECHÁVARRI, J. I. de la. “Numancia: usos y abusos de la tradición Historiográfica”. *Complutum*, 9 (1998): 193-211.
- “El mito de Numancia y las enseñanzas numantinas.” *Revista de Soria*, 28 (2000): 31-42.
- VARELA, J. L. *Poesía y restauración cultural de Galicia en el siglo XIX*. Madrid: Gredos, 1958.
- WULFF, F. *Las esencias patrias. Historiografía e historia antigua en la construcción de la identidad española (siglos XVI-XX)*. Barcelona: Crítica, 2003.

López Silva, José Antonio. “A historia e os autores latinos da antigüidade tardía no debate identidade galega vs. identidade peninsular no Rexurdimento e principios do século xx: os casos de Murguía e Marcelo Macías”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.

